

**ACTA Nº 7/2017**  
**SESIÓN ORDINARIA**  
**PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**

**-27 de xullo de 2017-**

No día de hoxe, ás horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno da Corporación Municipal.

**PRESIDE:** ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

**ASISTEN:**

BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
ADELINA CES QUINTANS  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

PP  
MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO  
ELISA BOUZAS VICENTE  
ADELA BECERRA MAYO  
ADRIAN VIDAL IGLESIAS  
MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

PSdeG-PSOE  
MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO  
MARTIN COMOJO VICENTE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

**AUSENCIAS:**

Rianxo en Común-SON  
ANTONIO CASTRO CASTRO

**SECRETARIA:** PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

**INTERVENTORA:** PATRICIA PÉREZ FERNÁNDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA:**

1. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
2. Ampliación do límite temporal das anualidades do contrato de redacción do PXOM
3. Moción presentada polo Colexio de Avogados: Problemática do xulgado uniprovincial para cláusulas chan
4. Rogos e preguntas

## 1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2017 ata o 30/06/2017, que comprenden os números 482/2017 ao 617/2017, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 10 da Sesión ordinaria do día 12/06/2017
- Acta nº 11 da Sesión ordinaria do día 26/06/2017

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

## 2. AMPLIACIÓN DO LÍMITE TEMPORAL DAS ANUALIDADES DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM

O 24/11/2016 rexístrase de entrada (RXE núm. 6.659) unha proposta da empresa redactora do PXOM denominada "Proposición sobre o alcance dos traballos de modificación do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Rianxo, para a súa adaptación á nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo e Galicia". A dita proposta indica que os ditos traballos de adaptación requiren dun prazo de execución de 3 meses, no que se producirá a súa entrega ao Concello de Rianxo, desde a recepción dos informes sectoriais vinculantes pendentes de emisión ou de comprobación da cumprimentación. O custo avalíase en 28.314 €.

O 24/03/2017 a arquitecta en asistencia técnica emite un informe polo que considera axeitado o prazo proposto para os traballos, así como o cálculo do novo prezo, que se determina como o prezo medio mensual do contrato multiplicado polos 3 meses estimados.

O 23/05/2017 a Intervención emite o documento RC do importe proposta da modificación contractual por 28.314,00 €.

O 15/06/2017 requíreselle a Oficina de Planeamiento, SL a presentación dun novo plan de traballo de traballo do contrato polas fases que restan adaptado á proposta de modificación do contrato, documento que se presenta polo Rexistro Xeral o 29/06/2017 (RXE núm. 4.333).

Actualmente, o expediente de modificación contractual non está resolto, á espera de clarexar extremos como é o tempo adicional que supoñen os traballos de adaptación á nova normativa, aspecto que non só é determinante para precisar o prazo do contrato, senón tamén o importe da modificación, que está baseada no prezo medio mensual do contrato.

Non obstante, o que si é preciso é ampliar o límite temporal que establece o texto refundido da Lei das facendas locais aos gastos plurianuais derivados de contratos de asistencia técnica e de servizos, fixado en catro anos futuros. Dado que o contrato formalizouse no 2010 e que, actualmente, estamos no 2017 coas fases de aprobación provisional e definitiva pendente de completar, o dito límite está desfasado.

Tendo en conta os prazos da aprobación provisional e o momento do ano no que nos atopamos, resulta imposible que a fase de aprobación definitiva se produza no exercicio 2017. Neste sentido, a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 06/06/2017 aprobou un reaxuste das anualidades do gasto que representa a subvención que tenlle concedida a este concello,

prevendo que, se ben, a achega vinculada á aprobación provisional do PXOM, producírase neste ano, a relativa á aprobación definitiva terá lugar no 2018. Non aprobar o reaxuste correspondente no orzamento municipal pode dar lugar a desequilibrios orzamentarios e manter comprometido un gasto que non se vai utilizar.

Considero, polo tanto, que débese aprobar un reaxuste das anualidades restantes do contrato de redacción do PXOM. Para elo, é preciso ampliar os límites temporais deste contrato, xa que está superado.

O reaxuste de anualidades do contrato é competencia do órgano de contratación (Alcaldía), o que deberá realizarse dentro dos límites temporais permitidos para elo.

O 21 de xullo a Intervención Municipal emitiu informe favorable ao expediente coas seguintes conclusións:

#### “4. CONCLUSIÓNS

Tendo en conta o exposto, emito a seguinte conclusión:

Informe favorable

Esta Intervención emite informe favorable á proposta, aínda que advirte de que o límite máximo de 2018 podería ser insuficiente se os trámites administrativos que dependen do concello ou de outros organismos demóranse. Neste caso, habería que analizar se procede un novo reaxuste de anualidades.

Informe favorable con observacións

Informe de reparo sen carácter suspensivo

Informe de reparo con carácter suspensivo”

A competencia para ampliar o límite máximo temporal dos gastos plurianuais correspóndelle ao Pleno, como é este caso, no que o límite rematou en 2014.

Tendo en conta todo o exposto, **PROPOÑO AO PLENO O SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO:**

Ampliar o límite temporal do gasto plurianual derivado do contrato de redacción do PXOM ata o ano 2018.

**SEGUNDO**

Darles traslado deste acordo á Secretaría Municipal, ao Departamento de Urbanismo, a Ana I. Piñeiro Esperante (responsable do contrato) e á Intervención Municipal.

O ALCALDE EXPÓN A PROPOSTA e Procede a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

**DEBATE:**

**O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN**

Apoian a proposta

**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Sendo un trámite necesario, Rianxo teña canto ante PXOM

#### A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Apoian a proposta

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

A Interventora auséntase despois da aprobación deste punto .

### **3. MOCIÓN PRESENTADA POLO COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO: PROBLEMÁTICA DO XULGADO UNIPROVINCIAL PARA CLÁUSULAS CHAN**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da moción que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión do día 15 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Problemática do xulgado uniprovincial para cláusulas chan:

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela manifesta o seu frontal rexeitamento á decisión do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ) de especializar un xulgado por provincia para tramitar en exclusiva os preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias, por entender que se trata dunha decisión inxusta e antisocial, que favorece á banca en prexuízo da cidadanía, en especial aquela que non reside nas ctro cidades concretas nas que se sitúan as sedes elixidas (A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo), e por entender que se trata dunha medida prexudicial para o funcionamento da Administración de xustiza, que impide repartir o traballo dunha forma adecuada entre os distintos partidos xudiciais (45 no caso de Galicia e 5 no ámbito do Colexio de Santiago) sobrecargando catro xulgados xa colapsados.

Neste sentido o ICA de Santiago adhírese ao acordo adoptado o pasado 19 de maio polo Pleno do Consejo General de la Abogacía Española (CGAE), órgano representativo dos 83 colexios de avogados de España, que expresou o seu rexeitamento institucional á proposta do CGPJ de creación destes xulgados provinciais especializados. E, adhírese así mesmo ao rexeitamento en igual sentido mostrado polo Consello da Avogacía Galega, lembrando que se trata dunha medida adoptada mesmo contra o parecer da xudicatura galega.

Tal decisión non só fai excepción ás normas procesuais en materia de competencia territorial en prexuízo do cidadán, ao que se obriga a renunciar ao foro predeterminado, senón que en absoluto garante unha maior eficacia nin rapidez na tramitación dos procedementos, como se demostrou coa decisión de crear xulgados especializados en materia de participacións preferentes e débeda subordinada. Ben ao contratio, os xulgados dos 45 partidos xudiciais de Galicia demostraron entón uns tempos de resposta óptimos, grazas ao esforzo dos xuíces, letrados da Administración e funcionarios, en contraposición ao colapso que sufriron os dous xulgados especializados.

Por todo isto acórdase:

1. A adhesión do Colexio aos acordos que adopten o CGAE e o Consello da Avogacía Galega en rexeitamento desta medida, incluso o exercicio de accións xudiciais contra ela.
2. Instar os concellos pertencentes aos partidos xudiciais que se atopan no ámbito territorial do Ilustre

Colexio de Avogados de Santiago á adopción de acordos e á aprobación de mocións dirixidas a amosar o seu rexeitamento á creación do xulgado uniprovincial, solicitando que se deixe sen efecto.”

#### **O ALCALDE EXPÓN A MOCIÓN**

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

#### **O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:**

Apoian a moción, beneficia os veciños da Vila

#### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Van a apoiar a moción

#### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Do colexio de avogados non hai ninguén que nos expoña a moción? o noso grupo vaise abster porque non temos con quen debater, non por outro motivo.

#### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG.**

O noso grupo fixo consulta a avogacía , vamos apoiar a moción entendemos que un órgano que non sexa uniprovincial e mais áxil na tramitación .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo once votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 1 membro de Rianxo en Común), cero votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

#### **PROPOSTA FORA DA ORDE DO DÍA.**

#### **4. COMUNICADO A RESPECTO DA DEMANDA DE CENTRO DE DÍA PARA O CONCELLO DE RIANXO.**

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, incluír dentro do orde do día este punto .

O alcalde expón o COMUNICADO de data 27 de xullo de 2017 asinado polos portavoces dos grupos políticos que se transcribe a continuación :

“ A Corporación do Concello de Rianxo en relación coa demanda dun Centro de Día, expón:

A apertura e posta en marcha do Centro de Día de Rianxo, constitúe unha necesidade urxente para conseguir unha atención adecuada e de calidade para a poboación en situación de dependencia no noso concello.

O funcionamento deste servizo engadirase ao conxunto de servizos e programas xa postos en marcha en Rianxo que teñen por obxecto optimizar a independencia e autonomía das persoas en situación de dependencia e apoiar ás persoas e familias cuidadoras.

O Concello de Rianxo a través dos seus representantes, Alcaldía, Corporación e Comisión de

Portavoces, tense dirixido á Consellería de Política Social para ofertar terreos e edificios nos que habilitar as instalacións e equipamentos para abrir un Centro de Día.

Dende esta Corporación mantemos o compromiso de diálogo e de comunicación coa Consellería de Política Social ao obxecto conseguir a súa apertura e posta en marcha.

Por todo elo, ao lado do diálogo e a comunicación coa Consellería de Política Social, esta Corporación non pode senón expresar o respecto e apoio ás persoas que na actualidade se están a mobilizar pola apertura dun Centro de Día en Rianxo, e a todas as persoas e familias que necesitan e esperan por este servizo.

En atención a todas elas e ás súas familias, e dende a consideración de que estamos e reclamar e a demandar un servizo necesario e urxente para Rianxo, expresamos o noso compromiso de:

- Manter a actitude de reclamación, diálogo e comunicación coa Consellería de Política Social ao obxecto de conseguir a apertura do Centro de Día de Rianxo.
- Pedir a Consellería de Política Social que reciba e escoite ás persoas afectadas e que demandan o Centro de Día de Rianxo
- Facer partícipes ás persoas que se están a mobilizar, a todas as familias con persoas maiores en situación de dependencia e a toda a poboación de Rianxo, das actuacións e xestións que se están a realizar dende o Concello.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR o comunicado nos termos desta.

#### **4. ROGOS E PREGUNTAS**

##### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:**

##### **Rogos**

- Cando convoquen plenos, que teñan máis contido!
- Por que se paga o control de calidade? se lle corresponde as empresas adxudicatarias.
- Seguen presentándose facturas sen desagregar.
- Varios recoñecementos extraxudiciais de crédito dan lugar a transferencias, xa imos polas 24, rogo traballen nos próximos orzamentos.
- Na escola de Outeiro a finais deste curso pasado existía unha gran variedade de árbores, entre as diferentes especies atopábanse, Plátanos de sombra, Pinos do país, Carballos do país, Sobreiras, Acacias, Avellanos, Pradairos e Castaños. Esa flora creaba un entorno moi axeitado para todas as crianzas que disfrutaban do centro, por non mencionar os innumerables beneficios que aporta, como a sombra no verán ou o abrigo no inverno, a fauna que atraen e por moitas razóns.

Moitos deles desapareceron, entre eles mais de vinte cinco pinos varios de mais de 50 cm de diámetro vinte acacias, catro carballos e algún castaño, ademais tamén encontramos un

plátano que estaba algo tronzado, polo pinta como quedou seguramente acabe secando

O noso grupo cree que o concello obrou moi mal, sen obxectivos claros, sen contar coa opinión das nais, pais e profesoras.

Tamén nos preguntamos, cal foi a motivación do concello para facer tal desfeita?

Sabemos que había bastante masa forestal pero non entendemos como o concello non fixo doutra maneira, por exemplo ás árbores mais grandes substituílas por outras novas, en varias fases, de oito a dez anos para que permitisen medrar as novas, nas mais novas facer podas, etc... E así non crear un impacto tan grande no medio.

Pode dicirse que se cargaron o espazo natural que rodeaba a escola.

Evidentemente a reparación non é posible pero sabemos que o concello está en débeda coas nais pais e profesoras esixímoslle o compromiso dunha intervención pactada coa comunidade educativa, para intentar paliar esta desfeita, Tamén pedimos emenden as ramas das árbores que romperon o caer contra elas ás árbores cortadas, que se retire a gran cantidade de maleza e masa forestal das ramas que alí deixaron. Esta seca e altamente inflamable!

O mais grave de todo isto é que o concelleiros de Facenda, Tobías Betanzos é o director do CRA e as mestras enteraronse polas mensaxes dos veciños. E a segunda vez que ocorre, pasou o mesmo cando foi a desafectación da Vacariza en febreiro do ano pasado. As mestras enteraronse por nos porque Tobías non lles dixo nada.

Por todo o anterior exposto o noso grupo roga o compromiso do grupo de goberno coa comunidade educativa para que se poñan as mans á obra na confección dunha rexeneración, limpeza do terreo, podas ramas rachadas.

## ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE :

### Rogos

- Intenten arranxar lousas, reixas. A reixa está en frente a Casa Manuel Antonio é un perigo, cóstanos algunha persoa caeu, xa o dixemos nalgún pleno, deben arranxarse para evitar alguén se manque.

### Preguntas

- A que son debidos os cheiros do casco de Rianxo? cóstanos que a xente xa selou os sumidoiros e estes cheiros persisten.
- Cando van limpar os parques e zoas verdes das parroquias? os nenos non poden xogar coas herbas. Non poden esperar a que sexa a festa na parroquia para limpalos.
- Estase a facer mantemento nas áreas de deportes? Existen moitas, pero a modo exemplo:

Na da escola de Quintáns , a canastra está en moi mal estado, pinten a cancha .

No paraxe do Souto de Isorna a canastra foi retirada para arranxar e non foi devolta, repóñana.

Nesta mesma zoa hai unha lousa partida que está donda a fonte, da pena o estado no que se atopa este paraxe, os bancos leváronse e non se volveron a colocar, comentáronme os veciños que llos leven, pero non leven os que non queren noutras zoas .

As mesas non quedaron ben son unhas moles.

- Por que non recolle ninguén o lixo hai onde os estaleiros ? Hai excrementos de cans ,deben colocarse papeleiras na zoa para axudar a que a xente non tire o lixo.

#### ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PP:

##### Rogos

- Trasládanme a comisión de Taragoña que o campo da festa se atópase en moi mal estado, que voten voten cemento ou inste as administracións competentes a que o arranxen, hai anos non fai ningún arranxo na zoa
- A obra que se fixo no centro de Saúde de Taragoña xa dixemos no anterior pleno, sacaron as pedras pero deixaron a terra, rogamos que a retiren.
- Na zoa que une Bures-Asados estiveron sen luz ¿A qué se debe?
- No polígono de Té, na parcela que pertence o concello? Hai un montón de terra apilada ¿Cal é o motivo?
- Na pista adecentaron para ir a Casa da República Isorna, votaron gravilla agora cerca da Igrexa, pódese esvarar!! poden arranxala !!
- Quéixanse os veciños de que as praias están bastante sucias! Dixéronme ían presentar escrito para que limparan a de Porrón. Poden limpar as praias !!

##### Preguntas

#### O ALCALDE, TOMA A PALABRA

Comenta que pasa a contestar algunhas outras déixoas para o pleno seguinte :

- No Souto de Isorna colocáronse unhas mesas de pedra, non son mesas doutros sitios, as anteriores eran de madeira, o seu parecer as dimensión non serán axeitadas ou o corte pero o meu parecer mellora bastante a zoa, as pedras igual non colleron a cor, non son de segunda .
- Esta previsto colocar unha randeira “columpios” que xa chegaron, a limpeza farase cando corresponda, respecto dos bancos non tiña constancia, mirárase a zoa cando se coloque a randeira “columpio” .
- Na escola de Outeiro intentouse intervir para solucionar o derrube dunha zoa perigosa. O castiñeiro estaba enriba do tellado.

Actuouse despois de moitos anos, eliminando o material que podería constituír perigo na escola, gañando en luz, eliminouse maioritariamente as acacias, material o que non lle teño especial aprecio.

Algún veciño incluso pediu o contrario que se retirasen mais, hai diverxencia de pareceres, cando se retire todo vainos acostumar, pasamos dunha escola no medio do monte, sen luz, escura a unha escola mais luminosa e mais segura a posibles incendios .

- Tobías: a actuación foi consultada co Director, Secretaria e titor da escola .
- Adolfo dálle a palabra a secretaria en relación co pregunta do control de calidade a cal explica que o control de calidade correspóndelle o concello contratar a unha empresa especializada, os gastos



que se orixinen serán por conta do adxudicatario da obra ata un importe máximo do 1%, o concello reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente en cada certificación de obra tal e como establecen os pregos tipo de deputación que rexen as contratacións .

- En relación coa periodicidade dos plenos, esta foi aprobada no pleno, os plenos mensuais permiten maior diálogo, se non se realizan castigariase a oposición e a súa labor de control.

#### **O ALCALDE CEDE A PALABRA O PÚBLICO SE TEN ALGUNHA PREGUNTA OU ROGO**

- Un membro do movemento de persoas da plataforma pola apertura dun Centro de Día en Rianxo manifesta que durante a ausencia do Alcalde, que non foron ben recibidas nin ben tratadas pola 1ª Tenente Alcalde, pedimos a dimisión de Adelina Ces Quintáns por parte de toda a plataforma.

Segue despois unha larga intervención manifestando que a plataforma necesita certas ferramentas que non foron facilitadas as nosas peticións foron infrutuosas durante a substitución do Alcalde: conexión de wifi, Taboleiro de anuncios .

Os nosos maiores non son paquetes, aquí so estamos unha pequena representación, vamos continuar coa loita pedimos un Centro de día para todos os veciños, Rianxo merécese un Centro de Día.

- O Alcalde manifesta que acaban de aprobar un comunicado unánime por todo o pleno, debemos buscar os puntos en común, a loita vai ser a longo prazo, non podemos cortar coa Xunta, nin coa consellería de Benestar, debemos ter un diálogo fluído. Todos somos pobo de Rianxo debemos restablecer os lazos que nos unen e ir todos xuntos. Temos negociar, aportando terreos, diñeiro .

Dimisión non vai haber, debemos estar todos unidos

- Mª Carmen : facemos un chamamento a esa unidade, a oposición nosa é responsable

#### **O VÍDEO GRAVADO NA SESIÓN ESTÁ, ASEMADE, DISPOÑIBLE PUBLICAMENTE NA SEGUINTE URL:**

<https://youtu.be/qkP5xxare-4>

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, martes 29 de agosto de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez